



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO CON DATA 30 DE OUTUBRO DE 2025

En Cerdido, sendo as 20:30 horas do día 30 de outubro de 2025 reúnense na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública ordinaria en primeira convocatoria.

Preside: D. Alberto Rey Paz

Asisten:

D^a. María Amalia Díaz Rodríguez
D. Darío Santalla López
D. Jose Manuel Luaces Piñón
D^a María de los Dolores Pita Anca
D. Julián Blanco Rodríguez
D. Brais Prieto Verdial
D^a Rocío Martínez Martínez

Non asisten, con causa xustificada:

D. Diego Graña Pérez

Secretario: Ignacio H. Domínguez Simons

Constátase a presenza de membros deste órgano en **quórum suficiente**.

Os concelleiros recoñecen haber recibido toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ao debate, e no seu caso a votación, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

1. Aprobación das actas dos plenos do 28/08/2025, 11/09/2025, 26/09/2025 e 07/10/2025
2. Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 4/2025
3. Moción do Grupo Municipal Socialista para a gravación dos plenos municipais de Cerdido
4. Moción do Grupo Municipal Socialista para envío da documentación a tratar nos plenos
5. Relación de Decretos da Alcaldía para dar conta no Pleno ordinario de outubro
6. Rogos e preguntas

1. Aprobación das actas dos plenos do 28/08/2025, 11/09/2025, 26/09/2025 e 07/10/2025

O Alcalde pregunta se algún membro da corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión do día 28 de agosto de 2025.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



Respecto do acta do pleno celebrado o 28 de agosto de 2025, don Brais refire que na páxina once da mesma, onde pon “*Don Brais recrimina que en catro anos non se mellorase a xestión dos desbroces*”, debe poñer dous e non catro. Que se refire ao tempo que leva o alcalde actual gobernando, e así se constata.

Tamén refire que o momento no que fixo referencia ao xogo do dominó, non é o que figura na acta. Feita a comprobación da gravación polo secretario, conséntase que o comentario fíxose antes da terceira chamada ao orde. Tendo en conta que a acta debe recoller de forma resumida os asuntos tratados, e non sendo a transcrición literal unha obriga, considera o secretario que a súa redacción respecto deste punto, é correcta.

Feitas a aclaracións, se somete a aprobación a acta do 28 de agosto de 2025 co seguinte resultado:

Votos a favor: 8

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Acto seguido, o Alcalde pregunta se algún membro da corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión do 11/09/2025..

Ninguén solicita aclaracións, sométese a votación a aprobación da acta do pleno do día 11/09/2025 co seguinte resultado.

Votos a favor: 7

Votos en contra: 0

Abstencións: 1. Dona Rocío solicita aclarar que se abstén porque non asistiu á dita sesión.

Acto seguido, o Alcalde pregunta se algún membro da corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión do 26/09/2025..

Ninguén solicita aclaracións, sométese a votación a aprobación da acta do pleno do día 26/09/2025 co seguinte resultado.

Votos a favor: 8

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Acto seguido, o Alcalde pregunta se algún membro da corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión do 07/10/2025..

Don Brais pide que figuren temas tratados como “as feiras”, que eran só 150 € como de Castro Cabaneiro; e facer fincapé nos 10.000 € de adquisición de terreos, que de novo se repetían no orzamento de 2025, e que xa figuraban no de 2024. O secretario pide que soliciten que figure na acta os comentarios dos concelleiros que consideren relevantes, xa que a mesma non é unha transcrición literal da sesión.

Feitas as aclaracións, sométese a votación a aprobación da acta do pleno do día 07/10/2025 co seguinte resultado.

Votos a favor: 8

Votos en contra: 0

Abstencións: 0



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



2.- Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 4/2025"

O alcalde pasa a dar lectura a seguinte proposta:

Logo de ver a notificación da Deputación da Coruña, informado a esta Entidade Local da concesión de unha achega por importe de 104.377,40 € con cargo ao POS+Adicional 4/2025 para financiar; gasto corrente, redución de débeda e investimentos financeiramente sostibles

Logo de ver que esta achega está dividida en dúas fases:

1.- *Unha primeira fase que inclúe as solicitudes para gasto corrente e redución de débeda, que deberá presentarse antes do 31 de outubro, previa autorización polo pleno.*

2.- *Unha segunda fase que inclúe investimentos financeiramente sostibles, que deberá solicitarse entre o 3 de novembro e o 30 de decembro.*

Esta alcaldía propón ao pleno

1.- *"Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 4/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:*

| | ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025 |
|--|------------------------------------|
| Gastos correntes 2025 | 56.598,43 € |
| Redución da débeda do concello coa deputación | 0,00 € |
| TOTAL | 56.598,43 € |

| | |
|---|--------------|
| <i>Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025</i> | 104.377,40 € |
| <i>Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025</i> | 56.598,43 € |
| <i>Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025</i> | 47.778,97 € |

2.- *Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

3.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."*



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



O alcalde da a palabra ao portavoz do grupo socialista.

Don Brais agradece a achega de fondos da Deputación e pregunta si xa se ten decidida a finalidade dos fondos.

O Alcalde contesta que non. Que se fixo unha estimación de gasto corrente en xeral, e que de inversións, a pesar de ter Varios proxectos en mente, non se ten decidido nada.

Don Brais pregunta se ten que volver a Pleno a segunda fase do POS AD4 e o alcalde contesta que si. Todas as achegas de POS van a Pleno.

Feitas a aclaracións, sométese a proposta a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 8

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Como resultado da votación, queda aprobada a seguinte proposta:

1.- "Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 4/2025**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

| | ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025 |
|--|------------------------------------|
| Gastos correntes 2025 | 56.598,43 € |
| Redución da débeda do concello coa deputación | 0,00 € |
| TOTAL | 56.598,43 € |

| | |
|--|--------------|
| Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025 | 104.377,40 € |
| Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025 | 56.598,43 € |
| Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025 | 47.778,97 € |

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



O alcalde, antes de continuar cos asuntos da orde do Dia, informa que nos seguintes plenos, será o alcalde o que conceda a palabra, que non se van permitir alusións a vida privada de ninguén nin faltas de respecto.

3. Moción do Grupo Municipal Socialista para a gravación dos plenos municipais de Cerdido

O Alcalde concede a palabra ao voceiro do Partido Socialista.

Don Brais informa que esa moción xa se presentara ao inicio da lexislatura e cree que é necesario para evitar confusións no falado e referido nas actas.

O alcalde non está conforme con que se graven. Que xa o fai o secretario e se hai discrepancias, discútese no pleno seguinte, e se rectifican se procede.

Co permiso do alcalde, don Xulián aclara que se está pedindo permiso para gravar os plenos por parte dos concelleiros. O Alcalde di que está convencido de que non se pode. O secretario, coa venia do Alcalde, informa que si; que está permitido, xa que o pleno é un acto público.

Feitas as aclaracións pertinentes, sometese a proposta a votación co seguinte resultado.

Votos a favor: 4

Votos en contra: 4

Abstencións: 0

Ao producirse empate, os membros do pleno informan que nunha segunda votación non van cambiar o sentido do mesmo, polo que decide o voto de calidade do alcalde.

Así as cousas, non queda aprobada a moción do Partido Socialista referida á gravación dos plenos municipais de Cerdido

4. Moción do Grupo Municipal Socialista para envío da documentación a tratar nos plenos.

O alcalde da a palabra ao voceiro do Partido Socialista.

Don Brais solicita que se envíe aos membros da corporación, toda a documentación que se trata nos plenos. Que se habilite unha plataforma, xa que o secretario se nega a enviar documentación por gmail. O Alcalde recoñece a pertinencia do envío da documentación. Considera que é unha obriga legal remitir a documentación. Informa que xa se falou coa Deputación para facer efectivo o solicitado na moción. Que xa existe unha plataforma para este fin.

O alcalde considera oportuno establecer un sistema para determinar que información se achega a cada concelleiro. Pregunta si toda a información se lle envía a cada un dos concelleiros ou ao voceiro. O voceiro do PSOE quere que se envíe a todos.

O alcalde pon como exemplo os proxectos de obra dos POS, e pregunta si queren que nun pleno no que se van tratar cinco proxectos de obra, se envían os cinco proxectos coa cantidade de páxinas que implica, ou prefiren solicitar a achega os voceiros. Neste caso, Don Brais acepta que os proxectos se soliciten.

O Alcalde quere deixar constancia de que non van votar en contra de unha proposta que supón unha obriga legal.

Feitas as aclaracións anteriores, sométese a proposta a votación co seguinte resultado.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



Votos a favor: 4
Votos en contra: 0
Abstencións: 4

Como consecuencia da votación, queda aprobada a moción do grupo Socialista na que solicita a habilitación de unha canle para enviar aos membros do Pleno, toda a información referida aos puntos a tratar na Orde do Día.

5. Relación de Decretos da Alcaldía para dar conta no Pleno ordinario de outubro

| Núm. | Fecha | Asunto |
|------|------------|--|
| 191 | 22-08-2025 | EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/XC/07 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS. SUBVENCIÓN POS+2024 PARA INVESTIMENTO. ABASTECIMENTO ÁREA RECREATIVA O CASTRO. |
| 192 | 25-08-2025 | Pleno Ordinario 28/08/2025 |
| 193 | 25-08-2025 | Nóminas do mes de agosto de 2025 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, aprobación dos seguros sociais correspondentes ao mes de xullo de 2025, e aprobación e pago do incremento retributivo adicional do 0,5% das retribucións do persoal ao servizo do sector público previsto no artigo 6.2 do Real Decreto-Lei 4/2024, de 26 de junio, con efectos de 1 de xaneiro de 2024. |
| 194 | 26-08-2025 | Contratación de Obras de adecuación do edificio da casa da cultura do Concello de Cerdido |
| 195 | 27-08-2025 | Aprobación e pago das liquidacións de atrasos de xaneiro a decembro de 2024 e de xaneiro a xullo de 2025, correspondentes ao incremento retributivo adicional do 0,5% previsto no artigo 6.2 do Real Decreto-lei 4/2024, de 26 de junio, ao personal ao servizo do sector público e respecto ás retribucións vixentes a 31 de decembro de 2023. |
| 196 | 27-08-2025 | Aprobación da Certificación nº1 e final das obras de Abastecemento Abelleira-Hospital (POS+2024), e aprobación e pago da factura núm. FE25 92 con NRC F/2025/732. |
| 197 | 27-08-2025 | APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA FACTURA NÚMERO INV/2025/0089 CON NÚMERO DE REXISTRO CONTABLE F/2025/717 |
| 198 | 28-08-2025 | Alta no padrón municipal de habitantes en Seixas, 11, Cerdido |
| 199 | 29-08-2025 | EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/XC/08 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS. SUBVENCIÓN PROGRAMA FOPPS/2024 DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS COMUNITARIOS MUNICIPAIS EN 2024 DO CONCELLO DE CERDIDO (INCREMENTO HORAS CONCEDIDAS). |



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



| | | |
|-----|------------|--|
| 200 | 02-09-2025 | Relación de recibos correspondente ao mes de agosto de 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar |
| 201 | 03-09-2025 | APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/8 |
| 202 | 03-09-2025 | EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/XC/09 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS. SUBVENCIÓN PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2025. |
| 203 | 09-09-2025 | DECRETO RECOÑECEMENTO SERVIZOS PREVIOS E 1º TRIENIO GRUPO A, SUBGRUPO A1_IGNACIO HIPÓLITO DOMÍNGUEZ SIMONS |
| 204 | 09-09-2025 | LIQUIDACIÓN TAXA ANUNCIO 2025/4374 BOP 124/02.07.2025 DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2025 |
| 205 | 10-09-2025 | Pleno extraordinario urxente 11/09/2025 |
| 206 | 10-09-2025 | SOLICITUDE POS+AD2b 2025 Arranxos nos lavadoiros de Travesas e Fercoi 31.357,01 Pavimentación de viais en o Porto (a Barqueira) e outro 129.038,38 |
| 207 | 11-09-2025 | SOLICITUDE POS+AD2b 2025 Arranxos nos lavadoiros de Travesas e Fercoi 31.357,01 Pavimentación de viais en o Porto (a Barqueira) e outro 129.038,38 |
| 208 | 11-09-2025 | EFICIENCIA ENERXÉTICA PAVILLÓN |
| 209 | 12-09-2025 | Contrato menor para a dirección de obra e a coordinación de seguridade e saúde da obra Mellora da eficiencia enerxética no pavillón municipal |
| 210 | 15-09-2025 | SOLICITUDE DE CERTIFICADO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO DE CERDIDO - LURNAY MACÍAS BETANCOURT |
| 211 | 15-09-2025 | LIQUIDACIÓN TAXA ANUNCIO 2025/921 PUBLICACIÓN ANUNCIO BOP APROBACIÓN PADRÓNS FISCAIS |
| 212 | 17-09-2025 | AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS: NOVACIÓN DA CONCESIÓN (DH.A15.13389) DUN CAUDAL DE 148.920 M3/ANO, PROCEDENTE DO RÍO BARBELAS CODIFICADO 0680010101 NO LUGAR DE SETE DE ABAIXO PARROQUIA DE BARQUEIRA, A (SANTO ANTONIO), NO CONCELLO DE CERDIDO, (A CORUÑA), CON DESTINO A ABASTECIMENTO DA PARROQUIA DE BARQUEIRA. |
| 213 | 16-09-2025 | Alta no padrón municipal de habitantes en Felgueira, 1, Cerdido |
| 214 | 16-09-2025 | Alta no padrón municipal de habitantes en Casaldaia De Arriba, 4, A Barqueira |
| 215 | 18-09-2025 | SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN CANTIDADE INDEBIDAMENTE INGRESADA |



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



| | | |
|-----|------------|--|
| 216 | 22-09-2025 | TR350E: CONTRATACIÓN mozos inscritos no SNGX |
| 217 | 23-09-2025 | Pleno extraordinario 26/09/2025 |
| 218 | 24-09-2025 | Autorizar á empresa AYTOS (BERGER LEVRAULT) acceso dende a Deputación ó repositorio do concello no marco do contrato Padrón online |
| 219 | 24-09-2025 | Contrato menor impartición do obradoiro de memoria e ximnasia FOEAC/2025 |
| 220 | 26-09-2025 | EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/TC/05 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE PARTIDAS DA MESMA ÁREA DE GASTO |
| 221 | 29-09-2025 | Nóminas do mes de setembro de 2025 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, e aprobación dos seguros sociais correspondentes ao mes de agosto de 2025. |
| 222 | 30-09-2025 | EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/XC/10 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS. SUBVENCIÓN POS+ADICIONAL 2/2025 PARA INVESTIMENTO. ARRANXOS NOS LAVADOIROS DE TRAVESAS E FERCOI. SUBVENCIÓN POS+ADICIONAL 2/2025 PARA INVESTIMENTO. PAVIMENTACIÓN DE VIAIS EN O PORTO (A BARQUEIRA) E OUTRO. |
| 223 | 02-10-2025 | Convocatoria Pleno extraordinario 07/10/2025 |
| 224 | 02-10-2025 | Relación de recibos correspondente ao mes de setembro de 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar |
| 225 | 03-10-2025 | APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/9 |
| 226 | 03-10-2025 | APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº1 E FINAL DA OBRA DE REPOSICIÓN DE PECHE EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (POS+2024), E APROBACIÓN E PAGO DA FACTURA NÚM. FE25 161 CON NRC F/2025/782. |
| 227 | 03-10-2025 | Alta no padrón municipal de habitantes deste Concello en Barqueira Vella, 5, A Barqueira |
| 228 | 03-10-2025 | AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS: DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA ARRANXOS NOS LAVADOIROS DE TRAVESAS E FERCOI. DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PAVIMENTACIÓN DE VIAIS EN O PORTO (A BARQUEIRA) E OUTRO. |
| 229 | 03-10-2025 | AGADER 25-26 - MELLORA VIARIO FREIS -VILARELLE |
| 230 | 03-10-2025 | Convocatoria de selección personal para a creación dunha bolsa para a contratación de persoal auxiliar de axuda no fogar |
| 231 | 07-10-2025 | Aprobación pago IRPF (mod. 111) e IVE (mod. 303) do 3º Trimestre de 2025 |



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



| | | |
|-----|------------|---|
| 232 | 07-10-2025 | Aprobación pago declaración complementaria rectificativa da declaración de IRPF (mod. 111) correspondente ao 2º trimestre de 2025 |
| 233 | 06-10-2025 | Alta no padrón municipal de habitantes en Domende, 6, Cerdido |
| 234 | 08-10-2025 | INCIDENCIAS PISCINA |
| 235 | 09-10-2025 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ACCESIBILIDADE DE USUARIOS |
| 236 | 15-10-2025 | Alta no padrón municipal de habitantes en Rincha, 1, Cerdido |
| 237 | 15-10-2025 | Alta no padrón municipal de habitantes en Porto, 51, A Barqueira |
| 238 | 14-10-2025 | Servicio para dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra Mellora viario Freis - Vilarelle |
| 239 | 15-10-2025 | Contrato menor servizos: clases extraescolares de DEBUXO |
| 240 | 15-10-2025 | Dirección da obra e da coordinación de seguridade e saúde da obra de instalación da deshumectadora |
| 241 | 21-10-2025 | Convocatoria de selección personal para a creación dunha bolsa para a contratación de persoal auxiliar de axuda no fogar |
| 242 | 21-10-2025 | Contrato Menor: ANIMACIÓN FESTA SAMAÍN 2025 |
| 243 | 23-10-2025 | FOPPSS/2026 |
| 244 | 24-10-2025 | Nóminas do mes de outubro de 2025 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, e aprobación dos seguros sociais correspondentes ao mes de setembro de 2025. |

O alcalde pregunta se algún dos asistentes necesita aclaracións.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 191 de data 22/08/2025: *EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/XC/07 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS. SUBVENCIÓN POS+2024 PARA INVESTIMENTO. ABASTECIMENTO ÁREA RECREATIVA O CASTRO.* Quere saber en que estado se atopa.

O alcalde aclara que patrimonio fixo requirimento porque por onde se pretendía pasar a auga, está a muralla defensiva do castro

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 197 de data 27/08/2025: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA FACTURA NÚMERO INV/2025/0089 CON NÚMERO DE REXISTRO CONTABLE F/2025/717

O alcalde aclara que é a factura de dirección de obra e coordinación de Seguridade e Saúde da obra da Casa da Cultura. 16.516,00 €.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 208 de data 11/09/2025: EFICIENCIA ENERXÉTICA PAVILLÓN



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



O alcalde aclara que é a obra que se está acometendo de 48.237,00 euros. Que se vai instalar unha caldeira de aerotermia, catro portalóns, iluminación e a gabiá de impermeabilización exterior.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 212 de data 17/09/2025; AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS: NOVACIÓN DA CONCESIÓN (DH.A15.13389) DUN CAUDAL DE 148.920 M3/ANO, PROCEDENTE DO RÍO BARBELAS CODIFICADO 0680010101 NO LUGAR DE SETE DE ABAIXO PARROQUIA DE BARQUEIRA, A (SANTO ANTONIO), NO CONCELLO DE CERDIDO, (A CORUÑA), CON DESTINO A ABASTECIMENTO DA PARROQUIA DE BARQUEIRA.

O Alcalde informa que é a renovación da concesión de aproveitamento de Augas de Galicia.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 215 de data 18/09/2025. SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN CANTIDADE INDEBIDAMENTE INGRESADA

O alcalde informa que se trata da devolución de un ingreso que unha persoa, por erro, ingresou na conta do Concello, pero que o destinatario real era unha persoa allea á corporación.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 218 de data 24/09/2025; Autorizar á empresa AYTOS (BERGER LEVRAULT) acceso dende a Deputación ó repositorio do concello no marco do contrato Padrón online

O alcalde informa que se trata de unha empresa que gañou unha licitación da Deputación da Coruña para crear uns códigos de identificación de vivendas e pediu acceso ao IBI de Cerdido.

- Dona Rocío solicita aclaracións sobre o decreto 216 de data 22/09/2025; TR350E: CONTRATACIÓN mozos inscritos no SNGX

O alcalde contesta que é unha subvención solicitada á Xunta para unha persoa animadora sociocultural por 9 meses e un importe de 16.900,00 €. Don Brais pregunta si cubre o 100% da xornada, e o alcalde contesta que aínda non o sabe.

Don Brais pregunta por que non se solicitou a de Deputación para o mesmo fin. O alcalde di que estaba María facendo eses traballos, pero agora está de baixa.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 220 de data 26/09/2025; EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2025/TC/05 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE PARTIDAS DA MESMA ÁREA DE GASTO

O alcalde non pode contestar na propia sesión a dita pregunta.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 226 de data 03/10/2025; APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº1 E FINAL DA OBRA DE REPOSICIÓN DE PECHE EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (POS+2024), E APROBACIÓN E PAGO DA FACTURA NÚM. FE25 161 CON NRC F/2025/782.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



Don Brais comenta que tivera acceso ao proxecto de obra, e que coñecía a existencia de un apartado de xestión de residuos. Que a carón da porta dos vestiarios, hai escombros amoreados. O Alcalde di que é o director de obra quen certifica que as obras se executaron conforme ao proxecto. Que pode que os escombros pertencen á caída do muro e non a execución do proxecto.

Don Brais pide que se poña mais dilixencia nas certificacións de obra. Que se recolla o escombros do campo de fútbol.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 234 de dta 08/10/2025: INCIDENCIAS PISCINA.

O Alcalde aclara que son partes da instalación da piscina que están en mal estado pola falta de uso da deshumectadora. Tamén informa que a piscina non está de alta en industria. Informa que a reparación dos compoñentes danados e a alta da piscina vai rondar os 25.000,00 euros.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 239 de dta 15/10/2025: Contrato menor servizos: clases extraescolares de DEBUXO. Pregunta a canto ascende o contrato.

O alcalde di que se trata da mesma empresa, "Sergio Picos" e son 8 meses de extraescolares por importe de 1.680,00 € + IVE.

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 240 de dta 15/10/2025: Dirección da obra e da coordinación de seguridade e saúde da obra de instalación da deshumectadora.

O Alcalde informa que se trata da dirección de obra da instalación da deshumectadora. A empresa directora é FILNQ e o custe ascende a 1.870,00 €

- Don Brais solicita aclaracións sobre o decreto 242 de dta 21/10/2025: Contrato Menor: ANIMACIÓN FESTA SAMAÍN 2025.

O Alcalde aclara que é a celebración de días atrás. Que a empresa adjudicataria é Manuel Tojeiro de As Pontes, e custe ascende a 968,00 €. Que se pediron tres orzamentos.

8. Rogos e preguntas

O alcalde informa previamente, que non se atoparon os 40.000,00 euros que aparecían na aplicación 165 21300. (mantemento do alumado público) polos que se preguntou na sesión de aprobación inicial do orzamento. Que non aparecían sumados no cómputo total do orzamento. Que podía tratarse dun erro do programa.

- Don Brais pregunta si está certificada a obra que une Vila da Igrexa con Penadobico.

O Alcalde di que non.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



- Don Brais pregunta porque non funcionou a páxina web durante máis dun mes.

O alcalde di que se saturou de información, e ninguén tiña as claves para acceder á mesma. Don Brais di que se borraron actas de 2023.

- Don Brais lembra que se solicitou a rebaixa das taxas por uso dos locais xa en plenos anteriores, e que non se fixo nada.

O Alcalde recoñece os feitos. Informa que posiblemente sexa a próxima ordenanza que se revise.

- Don Brais informa que en xullo solicitou a actualización da declaración de bens de cargos electos na Web, e aínda non está feita. Recrimina que non se faga nada do que propoñen.

- Don Brais quere saber si se van solicitar subvencións da Deputación como a FO106/2025. Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2026.

O Alcalde di que non se solicitou.

- Don Brais fai a mesma pregunta respecto da FO206 Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2026.

O Alcalde di que non se solicitou o da Xunta.

- Don Brais pregunta si se solicitou a subvención DP0045 de axudas a Concellos de menos de 25.000 habitantes para financiar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público de xestión municipal,

O alcalde di que non se solicitou. Que se están estudando varias e non sabe se esa é unha delas. Que solicitada non está.

- Don Brais roga que se visite distintas zonas do concello para comprobar que faltan moitos suxeita contenedores e se instalen onde sexa necesario.

O alcalde di que xa se repuxeron algúns. Que se esta a acometer ese traballo.

-Don Brais recorda ao Pleno, que cando se iniciou a lexislatura, acordouse incorporar uns remanentes de 354.000€. Pide a explicación política de porqué dende aquela data, non se volveron a incorporar remanentes para financiar obras ou o que fora necesario.

Don Brais di que nunha proposta de 2023 refería votar en pleno destinar, dos 354.000 euros; 60.000,00 € para intereses operación tesourería; 4.000 para fosa de campo de fútbol. Que considera que non se fixo nada do proposto. Pregunta por que non se fixeron al propostas acordadas cos remanentes.

O Alcalde non lembra esa proposta



Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org

correo@cerdido.es



- Don Brais solicita que conste no acta da sesión, que cando na sesión do día 28 de agosto de 2025 fixo referencia ao xogo de dominó, non pretendía aludir á persoa do alcalde, Non era unha alusión persoal.

- Dona Rocío Pregunta se hai servizo de madrugadores.

O alcalde contesta que non, por falta de solicitantes.

- Don Brais considera que á charla do programa ACTIVA VERDE da Escola da Avispeira non se lle deu a suficiente difusión. Que non estaba nas redes sociais.

O Alcalde cree que se lle deu suficiente difusión.

Tamén piden que se lle dea máis difusión ao programa MERCA NA VILA

- Don Xulián pregunta si se vai celebrar o concurso de tapas do Nadal.

O Alcalde informa que está facendo as consultas aos locais para ver si participan. Que algúns xa rechazaron participar por falta de persoal.

- Don Xulián pregunta si se van a aceptar as pistas deportivas da Asociación de Veciños de Cerdido.

O alcalde contesta que si. Que a cesión está parada por causas imputables á Asociación. Que están regularizando a situación interna da Asociación.

Don Xulián pregunta si se ten pensado o destino das pistas. O alcalde di que aínda non se acordou que facer con ela.

- Don Brais pregunta si xa se limpou a pista que sube á Fonte dos Abruñeiros.

O Alcalde di que aínda non.

- Don Xulián lembra que en abril, o grupo Socialista solicitou abrir o local do Castro como cafetería. Que foi rexeitada porque o Concello xa estaba traballando nesa proposta. Don Xulián pregunta porqué non se executou a acción. O Alcalde di que non concederon a subvención. Tamén preguntan pola obra de reforma da Escola do Castro, e o alcalde di que quedou deserta a licitación. Que o problema está no custe das fiestras con contras. Que están estudando outras opcións.

-Dona María Dolores pregunta en que fase está o asunto da instalación dos eólicos en Cerdido.

O Alcalde contesta que non ten noticias novas. Que o asunto está nos xulgados.

-Dona María Dolores pregunta polo estado da furgoneta do concello accidentada .

O Alcalde di que se firmou un convenio coa xunta para adquisición de unha furgoneta nova.



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



-Don Xulián informa que na pista que sobe dende Vila da Igrexa ata O Castro hai varias farolas rotas. Si hai intención de reparalas.

O Alcalde di que nunha subvención concertada entre a Deputación e o Xeoparque, está incluídas a substitución das farolas desa rota.

- Don Xulián pregunta que tramos comprende a pista de Freis – Vilarelle. Que a mesma está agretando.

O Alcalde informa que vai dende o cruce que baixa ao Freis ata a última casa de Vilarelle, e a subida ata a última casa do camiño de Barreiros. Que por falta de cartos non se fixo mais tramo, pero que ten intención de continuar reparando mais metros, facendo mención expresa á necesidade de acometer mais obra no acceso á Estrada Xeral por mor do desnivel.

- Don Xulián tamén fai referencia a unha zona do camiño Freis – Vilarelle no que se cargaba leña, e que sempre estaba en mal estado porque baixaba auga por un camiño. Pregunta si se vai canalizar esa zona.

O Alcalde contesta que cree que vai canalizada. Pero non lembra o proxecto.

E non habendo mais asuntos a tratar, o Alcalde da por rematada a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta e nove minutos, do que eu, como Secretario, dou fe